



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BASES DE CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCION DA BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE TOQUES PARA O SERVICIO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS PUBLICOS MUNICIPAIS. (2020-2021).

1) XUSTIFICACIÓN.

En calquera organización que preste servizos, o emprego dos materiais adecuados e recursos humanos suficientemente preparados é unha necesidade imprescindible hoxe en día para poder levar a cabo de forma adecuada os seus fins e obxectivos. Isto tamén ocorre en organizacións de carácter público, como é o caso do Concello de Toques que presta os seus servizos a @s veciñ@s do Concello.

Non obstante debemos entender que o Concello debe de actuar facilitando experiencia a @s desempregad@s do municipio para colaborar na incorporación destas persoas ao mundo laboral.

Na cuestión relativa á organización dos recursos humanos no sector público débense ter en conta, ademais, os principios constitucionais de acceso ao emprego público previstos nos artigos 32.2 e 103.3 da Constitución Española, que son os de igualdade, mérito e capacidade.

Na actualidade o acceso ao emprego é unha necesidade para o desenvolvemento da persoa e non obstante, aínda quedan por acadar os obxectivos de emprego que satisfagan a demanda de todos os veciños e veciñas do municipio de Toques.

A este respecto, débese ter en conta que a Administración Local é a que está máis próxima das demandas de servizos por parte da cidadanía, e a que ven asumindo progresivamente competencias que implican unha maior complexidade no seu desempeño.

Estas circunstancias, xunto coa grave crise económica padecida no último lustro, colocou as arcas municipais en situacións económica e financeiras non desexadas, que levou a adopción de acordos de compromisos de redución de custos e inversións por parte de este Concello. Débese pois, conxugar ambas facetas, prestación de servizos e economicidade, a fin de optar por un punto de equilibrio que satisfaga ambos factores; dende este punto de vista, e como medio de aforro, óptase na medida do posible pola xestión directa dos servizos que sexan posibles, así como se fomenta a prestación conxunta con outros concellos.

A aprobación e a creación de Bolsas de Traballo, pretende mellorar a calidade das prestacións que actualmente reciben os cidadáns e, en especial, axilizar e minorar custos dos procesos selectivos para cubrir prazos de carácter temporal, neste caso para cubrir necesidades temporais de persoal de carácter non permanente.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Usando este tipo de instrumento de xestión de persoal, se pretende axilizar a selección d@s aspirantes para cubrir necesidades de emprego de carácter temporal para a Administración, garantizando que @s aspirantes coñezan a súa posición na Bolsa de cara a unha posible contratación laboral futura por parte desta Administración Pública.

Por isto búscase a creación da Bolsa de Traballo na que se terá en conta os méritos aportados polos aspirantes relativos á situación de desemprego, situación económica familiar e número de membros da unidade familiar. Entre outros factores, e sempre e cando o permitan as condicións do posto de traballo a cubrir, primarase a situación socio-económica familiar en comparación con outros parámetros.

2) OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O obxecto das presentes bases e convocatoria é constitución, mantemento e regulación do procedemento dunha Bolsa de Traballo para confeccionar unha relación nominal de interesados, debidamente ordenada en base ás puntuacións obtidas atendendo aos criterios establecidos na Base 13, para a provisión temporal e urxente das vacantes nos postos de traballo de persoal de limpeza do servizo público de limpeza dos edificios de titularidade municipal, por medio da cual, e durante o seu período de vixencia de 2 anos, cubriranse con contratacións de carácter temporal non estable as necesidades concretas e puntuais do servizo municipal.

Aplicarase o presente sistema de selección e cese de persoal laboral non permanente no servizo de limpeza de edificios de titularidade municipal no que se presenten servizos públicos tales como a casa consistorial, o centro de saúde, o CEIP do Concello de Toques, a Aula da Natureza, pavillón polideportivo municipal, vestiarios piscina municipal, as antigas escolas e, en xeral, todas as instalacións municipais.

As presentes bases se formulan de conformidade co establecido nos artigos 8 e 11 do Texto Refundido do Estatuto básico do empregado público, artigos 91.2 e 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, artigos 136, 175.2 e 177.2 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Estatuto de Traballadores e demais disposicións de aplicación, a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e demais normativa aplicable.

A Bolsa estará formada por unha lista na que @s aspirantes que superen o correspondente procedemento de concurso- oposición, figurarán por orde de presenza no chamamento, orde que virá establecido en función da puntuación obtida no proceso de baremación e á data de solicitude de participación. De cada aspirante se consignarán



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

o seu nome e apelidos, DNI, teléfonos de contacto e puntuación obtida.

En ningún caso a mera pertenencia á Bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral.

As retribucións a percibir serán as que correspondan aos postos de traballo da plantilla de persoal do Concello de Toques, ou do convenio sectorial aplicable vixente en cada momento para cada unha das diferentes categorías profesionais (equiparable ao grupo de oficios), salvo os supostos de aqueles postos que estén condicionados por programas específicos subvencionados, en estos casos estarase a normativa vixente para estos programas.

Según se determine e quede justificado en cada suposto, as modalidades contractuais que se suscriban poderán ser a xornada completa ou a tempo parcial.

3) VIXENCIA DA BOLSA

A vixencia da bolsa será de 2 anos contados a partires da finalización do proceso de baremación, unha vez publicada a lista e pasado o periodo de reclamación, non se poderá volver a valorar.

Non obstante, se ao término de dito periodo non se constituíra unha nova Bolsa que sustitúa á anterior, a Alcaldía poderá prorrogar a vixencia de ésta por un período máximo de un ano.

4) CHAMAMENTO , NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

Cando as necesidades do servizo de limpeza de edificios de titularidade municipal do Concello de Toques así o requira, procederase , mediante Resolución da Alcaldía ou Decreto da Concellería delegada que así o dispoña, e na que se xustificará a necesidade de contratar ou nomear ao persoal correspondente, ao chamamento das persoas que integren a lista, pola orde de puntuación obtida atendendo aos criterios de desempate establecidos ao efecto.

No acordo de iniciación de cobertura de cada praza exporase a necesidade e xustificación da urgencia da praza a proveer así como as circunstancias que amparan a necesidade do nomeamento ou contratación do persoal.

Obtida a conformidade do/a interesad@ a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá ao seu nomeamento ou contratación laboral, deixándose constancia no expediente da Bolsa utilizada e dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.

No caso de renunciarse ao contrato ou chamamento , quen renuncie pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

(incapacidade temporal, baixa maternal ou estar desempeñando outro posto de traballo de carácter interino ou temporal).

As comunicacións se farán exclusivamente por vía telefónica, para o cal os/as aspirantes deberán indicar ao menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis de un número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico o interesado dispoñera únicamente de 2 días laborables para formalizar o seu contrato laboral. Se pasado dito prazo, non se recibe contestación, se entenderá que desiste, pasando ao último lugar da lista. Os servizos de carácter urxente terán prioridade debendo contestar dita persona nun máximo de 24 horas.

Aos efectos de establecer a comunicación e en ausencia do propi@ interesad@ no número ou números indicados, bastará para entender realizado o contacto telefónico, tanto o deixar o correspondente aviso a outra persoa no número indicado, como deixar recado en contestador automático ou buzón de voz.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación de data , hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente.

Calquiera interesad@ integrante da lista, poderá consultar ésta, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente.

A presente bolsa se configura con rotación, que se producirá ao longo da vixencia da bolsa entre os integrantes da mesma en cada momento. En principio, a bolsa integraráse cos aspirantes que presentaran instancia de participación no periodo inicial de creación da bolsa durante o prazo concedido;

O modelo de contrato de traballo será de duración determinada na modalidade do mesmo máis adecuada ao caso concreto: realización de obras ou servizos determinados, interinidade ou eventual por circunstancias de produción . O réxime xurídico será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo parcial (20 horas/semana) segundo se determine no contrato e atendiendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

5) SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso- oposición, de conformidade co establecido no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público. A valoración dos méritos profesionais e sociais (fase concurso) realizarase en función dos méritos e as puntuacións que constan na baremación que se une nestas Bases e á realización da proba práctica (fase de oposición).



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

A baremación será aprobada polo órgano competente, poidéndose realizar correccións na puntuación establecida no prazo de reclamación, deixando constancia no expediente das causas de ditas correccións.

@s solicitantes pasarán a formar parte da lista provisional e definitiva trala corrección, no seu caso, de presentación de reclamacións en prazo.

6) REQUISITOS D@S ASPIRANTES

Para participar na convocatoria e ser admitidos , @s aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos ao día en que se presente solicitude de participación, e gozar dos mesmos durante todo o proceso selectivo:

A) Ter cumpridos 16 anos de idade , e non exceder de aquela en que se poida acceder á xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social.

B) Ser cidadán español, sen perxuicio do establecido na Lei 17/1993, de 22 de decembro, en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos ; no caso de tratarse de extranxeiros non comunitari@s deberán contar con permiso de residencia ou permiso de traballo e estar a súa contratación permitida segundo a normativa de acceso ao emprego público.

C) Estar en posesión do título de Graduado Escolar ,Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberá acreditarse mediante o correspondente diploma ou certificado da entidade competente.

D) Ter a documentación vixente e /ou actualizada.

E) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o adecuado desempeño das correspondentes funcións e tarefas propias do posto de traballo. A tales efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas discapacitadas cos demais aspirantes , non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou síquicas, agás nos casos nos que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das actividades a desenvolver. Non será necesaria a acreditación deste requisito no momento de solicitude de inscrición na Bolsa de Traballo, se non no momento de proposición dun candidato para unha contratación.

F) Non ter separad@ mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Acreditarse mediante declaración xurada.

G) Todos os títulos e méritos declarados pol@s aspirantes deberán acreditarse mediante fotocopias á data da solicitude. No momento da incorporación ao posto deberá presentar a documentación orixinal de tódolos méritos, sendo motivo de exclusión a non presentación dos mesmos.

H) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente. Acreditarse mediante declaración xurada.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

I) Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de iniciación de lingua galega (mínimo Celga 2).

No caso de non posuir a titulación sinalada valorarase o coñecemento de Galego a través dunha entrevista realizada polo tribunal de selección. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, ademais da puntuación que corresponda á entrevista sendo necesario para superalo obte-lo resultado de apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

7) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando formar parte da bolsa se presentarán dentro do prazo **de 10 días hábiles dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello (<https://sede.toques.es>)** no modelo oficial facilitado polo Concello de Toques no Rexistro Xeral do Concello de conformidade co preceptuado no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

No suposto de presentar a instancia de forma diferente á presencial no Rexistro Xeral do Concello, será obrigatorio o envío dunha copia por correo electrónico correo@toques.es antes da data de remate do prazo.

As solicitudes deberán ir acompañadas inexcusablemente das fotocopias dos xustificantes dos méritos alegados, do Documento Nacional de Identidad , fe de vida laboral e da tarxeta de demandante de emprego , titulación e dos requisitos esixidos para participar no proceso . No caso de ter que aportar para a súa valoración máis de cinco contratos de traballo de duración inferior a seis meses, débese adxuntar cadro resumo especificando duración, categoría profesional e datas das contratacións .

O anuncio da convocatoria será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que determine o cómputo do prazo de presentación de solicitudes. Os sucesivos anuncios relacionados con este proceso selectivo serán publicdos no taboeiro de anuncios da Corporación e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>)

Os erros de feito que puidieran advertirse poderán ser enmendados en calquera intre durante o proceso de selección, de oficio ou a petición do interesado.

8) RECLAMACIONES

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía dictará resolución que conterà listaxe provisional de admitidos e excluídos , cos motivos de exclusión.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Publicadas as listas de aspirantes no taboeiro de anuncios e páxina web do Concello de Toques a Bolsa de Traballo, se admitirán reclamaciones a éstas, por escrito, no prazo establecido nestas bases, no que se fará descripción precisa da reclamación, aportando, se fora preciso, a documentación que se estime pertinente.

As citadas reclamacions deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

Non caben reclamacions por non aportar a documentación no prazo de solicitude

O prazo de presentación de reclamacions será de **3 días hábiles** a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes no taboeiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>).

No caso de non haber excluidos a lista provisional se elevará a definitiva automáticamente.

Contra a resolución da Alcaldía pola que se declaren definitivamente excluidos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación no taboeiro de anuncios ou directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer o contencioso-administrativo ata que se resolva o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

9) SISTEMA DE LISTA DE ESPERA

1. A presente bolsa de emprego é unha bolsa aberta e rotatoria.

2. O chamamento realizarase en funcion das vacantes dos postos por riguroso orde de puntuación, a través do teléfono. Se entende que se renuncia ao posto, si o/a interesado@ non comparece no Concello de Toques dentro dos dos días hábiles seguintes ao chamanento. A renuncia supón que o/a aspirante pasa ao último lugar da lista salvo que concurran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan debidamente acreditadas : Parto o baixa maternal, enfermidade ou accidente común, estar desempeñando un traballo nese momento, ou outras circunstancias de carácter extraordinario. Nestos casos se respetará a orde do/a aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

3. Xunto coa aceptación da contratación proposta, o seleccionado deberá aportar a seguinte documentación:

- fotocopia compulsada do NIF
- fotocopia compulsada dos títulos e documentación acreditativa dos requisitos esixidos.
- fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados no momento de solicitude de inscrición na bolsa.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

4. Presentada a documentación polo interesado e sendo conforme, a Alcaldía procederá á designación do aspirante seleccionado , á formalizaación do correspondente contrato laboral e á súa alta na Seguridade Social. Mentres non se produza a incorporación ao posto de traballo mediante a formalización do contrato o aspirante non terá dereito a percepción algunha.

Establécese un periodo de proba de un mes.

5. A persona que entrara a traballar unha vez finalizado o seu contrato/s, poderá reincorporarse á Bolsa de Emprego.

6. O contrato laboral poderá ser dende un periodo de días e nunca superior a doce meses, a fin de garantir a rotatoria. A relación laboral é a tempo parcial (20 horas) salvo circunstancias excepcionais, é dicir, segundo as circunstancias que motiven a contratación, se poderá experimentar variación tanto na modalidade de xornada como no horario en funcion das necesidades reais do servizo.

10) SELECCIONS EXTRAORDINARIAS

Con carácter xeral, as vinculacions temporais se ofertarán ao primeiro da lista.

11) CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

1. Por vontade propia do/a solicitante.
2. Por obter informe desfavorable do/a responsable do servizo en un posto da mesma categoría ou similar nesta entidade.
3. Por non presentar en tempo e forma a documentación necesaria de conformidade con estas bases.
4. Por non cumprir os requisitos mínimos esixidos nestas bases .

12) TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Finalizado o prazo para presentar instancias, xunto coa resolución da Alcaldía que conterà a lista provisional de admitidos e excluídos, determinarase a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución, ao igual que a data, horario e lugar no que se valorarán os méritos alegados e se realizará a proba teórica . Publicarase no taboeiro de anuncios da Corporación e na páxina web da mesma.

O tribunal estará composto por un presidente, tres vogais e un secretario,



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

designados mediante decreto da Alcaldía. De conformidade cos artigos 60 e 61 do EBEP na súa composición se tenderá á paridade entre homes e mulleres. Non poderá formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o personal eventual. Poderá solicitarse colaboración a outros Concellos para a súa composición.

O tribunal deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde entendiéndose válidamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros, e sempre o presidente e o Secretario. Na a sesión constitutiva se adoptarán as decisións pertinentes para o correcto desenrolo do proceso. Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose na súa actuación nos principios de economía, celeridade e eficiencia.

Poderán ser recusados e as súas decisións impugnadas conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal procederá primeiro á valoración da fase do concurso e, a continuación, efectuará a proba práctica. Se procurará realizar todo na mesma xornada.

Unha vez valorados ambas, efectuará relación de aprobados por orden de puntuación no taboeiro de Anuncios e se elevará dita relación ao Alcalde-Presidente, que aprobará a relación de candidatos por orde de prelación aos efectos de formación da bolsa.

13) CRITERIOS DE SELECCIÓN : VALORACIÓN DE MÉRITOS (CONCURSO)

A puntuación do baremo asignarase en función da situación laboral acreditada coa documentación. A esta baremación debe adxuntarse á solicitude, o D.N.I., Currículum Vitae, a Declaración Responsable, a Autorización e copia de tódolos méritos acreditados,

1. Experiencia laboral (máxima puntuación neste apartado: 5 puntos): A experiencia laboral acreditada en prazas desempeñadas na Administración Pública e/ou en postos da empresa privada sempre que estén directamente relacionadas coas funcións da plaza obxecto da convocatoria:

- En Administración Pública, por cada mes de prestación do servizo 0.10 puntos, ata un máximo de 3 puntos.
- En empresa privada, por cada mes en posto directamente relacionado coas funcións da praza obxecto de convocatoria: 0,08 puntos, ata un máximo de 2 puntos.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Se acreditará mediante copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron e informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, sendo ambos documentos preceptivos para que se poida valorar dita experiencia profesional.

14. CRITERIOS DE SELECCIÓN: PROBA PRÁCTICA (FASE DE OPOSICION).

Consistirá na realización dunha proba práctica que se realizará nunha das instalacións municipais habilitadas ao efecto. A proba práctica deberá ter estreita relación coas funcións a desempeñar no posto que se oferta na bolsa de emprego (limpador).

Para superar esta proba, débese obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos, tendo carácter eliminatorio.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

En caso de igualdade na oportuna selección, e logo da valoración conxunta de ambas fases, terase en conta os seguintes criterios por orde para resolver o empate:

- 1.- Por maior puntuación por experiencia primando a acreditada no sector público.
- 2.- Por maior puntuación obtida na fase de oposición (proba práctica).
- 3.- Por orde de presentación de solicitudes, de forma que quedará no posto mais alto o aspirante que rexistrase antes a súa solicitude de calquera das formas admitidas.

DISPOSICIÓN FINAL A presente convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e nas formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

En Toques, a 23 de decembro de 2019.
O Alcalde

Asdo. Miguel Ángel Buján Varela.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

BOLSA DE TRABALLO LIMPEZA DE INMOBLES

CONCELLO DE TOQUES

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELLIDO:

SEGUNDO APELLIDO:

NOME:

DOMICILIO _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____ C.P.

D.N.I. _____ TLF: _____

DATA NACEMENTO _____

DISCAPACITADO _____ SI NON GRADO DE

DISCAPACIDADE _____

EN TOQUES , A DE _____ DE 2015 .

ASDO: _____



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ANEXO II: BOLSA DE EMPREGO LIMPEZA EDIFICIOS

Don/ Dña _____ con NIF _____

1) APORTO a seguinte documentación:

(MARQUE CON UNHA X O QUE PROCEDA)

- DNI
- CURRICULUM VITAE
- INFORME DE VIDA LABORAL
- DEMANDA DE EMPREGO
- CONTRATOS LABORAIS (No caso de ter que aportar para a súa valoración máis de cinco contratos de traballo de duración inferior a seis meses, débese adxuntar cadro resumo especificando duración, categoría profesional e datas das contratacións .)
- CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS ALEGADOS
- OUTROS

2) E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :

- Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, así como a documentación adxunta, e cumprindo cos requisitos destas Bases.

- Que se cumpre á data os requisitos de :

A) Ter cumpridos 16 anos de idade , e non exceder de aquela en que se poida acceder á xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social.

B) Ser cidadán español, sen perxucio do establecido na Lei 17/1993, de 22 de decembro, en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos ; no caso de tratarse de extranxeiros non comunitari@s deberán contar con permiso de residencia ou permiso de traballo e estar a súa contratación permitida segundo a normativa de acceso ao emprego público.

C) Estar en posesión do título de Graduado Escolar ,Graduado en Educación Secundaria Obligatoria , certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberá acreditarse mediante o correspondente diploma ou certificado da entidade competente.

D) Ter a documentación vixente e /ou actualizada.

E) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o adecuado desempeño das correspondentes funcións e tarefas propias do posto de traballo.

F) Non ter separad@ mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

G) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

A falsidade dos datos declarados ou da documentación aportada para a acreditación das circunstancias determinantes dos criterios de valoración conlevará a exclusión da solicitude, sen perxuício da esixencia das responsabilidades en que se puidera incurrir.

Firma a presente en Toques , a de de 2019.

Asdo:”



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

NIF: P-1508400G

Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.

Páxina web: www.toques.es

Email: correo@toques.es